

Wiki

ÍNDICE

Introdución.....	2
Creación dunha wiki.....	2
Edición dunha wiki.....	4


Introdución

Unha Wiki é un conxunto de páxinas web creadas grazas á colaboración dun grupo de persoas, que se poden enlazar entre si. Basicamente, é unha web que pode ser creada entre os participantes dun curso sen necesidade de que teñan coñecementos de HTML.

En Moodle, a Wiki é unha ferramenta de traballo colaborativo, pero non é avaliable. Os participantes dun curso poden crear documentos traballando xuntos nunha única Wiki, ou cada estudante pode ter unha Wiki individual.


Creación dunha Wiki

No bloque do curso onde queremos crear a Wiki – Na roda dentada – Activar a edición, e logo “Engadir unha actividade ou recurso”



Aspectos a configurar nunha wiki


Xeral




- Poñemos o nome da Wiki (obrigatorio)
- Unha pequena descrición para que o alumnado saiba de que tratará a wiki
- "Modo Wiki", indicaremos se será unha "Wiki colaborativa" onde participarán todos os alumnos, ou ben unha "wiki individual" que será para un só alumno.
- "Nome da primeira páxina".

Formato

Deixamos coma formato predeterminado HTML que é o que mellor se axusta á hora de editala wiki



Axustes común do módulo



O “Modo grupo” compórtase do seguinte xeito no tipo “[wiki colaborativa](#)”:

- "Non hai grupos". Todos os estudantes colaboran entre si nunha soa wiki.
- "Grupos separados". Cada grupo ten unha wiki propia e non pode ver as doutros grupos.
- "Grupos visibles". Cada grupo ten unha wiki propia e pode ver as wikis dos outros grupos, aínda que sen poder editalas.

O Modo grupo compórtase do seguinte xeito no tipo “[wiki individual](#)”:

- "Non hai grupos". Cada estudante ten unha wiki independente e non pode acceder ás doutros estudantes.
- "Grupos separados". Cada estudante ten unha wiki independente e pode ver a doutros compañeiros de grupo, aínda que sen editala.
- "Grupos visibles". Cada estudante ten unha wiki independente e pode ver as do resto de estudantes, do seu grupo ou doutros, aínda que sen poder editalas.

O resto de opcións son igual que noutras actividades de Moodle.

Gardar o cambios, e temos xa a nosa wiki creada



Edición da Wiki

Unha Wiki comeza cunha Páxina principal ou un índice. Cada participante pode editala e engadir outras páxinas colocando enlaces a estas dende a páxina Wiki principal.

O Magosto

▼ Nova páxina

Título da nova páxina

Indice

Formato

☒ Formato HTML

☐ Formato Creole

☐ Formato NWIKI

Crear páxina

Facemos clic na Wiki, móstrase a pantalla de edición da primeira páxina, clicamos en “Crear páxina”

The screenshot shows the Moodle Wiki page editor for a page titled "O Magosto". At the top, there are tabs for "Ver", "Editar", "Comentarios", "Historia", "Mapa", "Ficheiros", and "Administración". The "Editar" tab is selected. Below the tabs, the page title "O Magosto" is displayed. The main editing area is titled "Indice" and shows a "Formato HTML" editor. The editor has a toolbar with various icons for text formatting (bold, italic, underline, link, unlink, list, table, etc.) and a large text area for editing. Below the editor, there is a section for "Etiquetas" (Tags) with a text input field and a "Non hai selección" message. At the bottom, there are three buttons: "Gardar" (Save), "Vista previa" (Preview), and "Cancelar" (Cancel).

Para engadir novas páxinas enlazadas dende a actual poñemos o nome da nova páxina entre dous pares de corchetes, é dicir, `[[palabra]]`, clic en “Vista previa” e facemos unha previsualización. Ao gardar a páxina editada móstrase o resultado e os enlaces a novas páxinas aparecen en cor vermella. Para crear e editar a nova páxina púlsase sobre o enlace de cor vermella, aparecendo a pantalla de creación dunha nova páxina. Os enlaces a páxinas xa creadas aparecen en cor azul.

Indice

Isto é unha vista previa. Os cambios aínda non foron gardados.

Introdución
Historia do Magosto en Galicia
Tradicións

▼ Contraer todo

▼ Editando esta páxina «Indice»

Formato HTML



[[Introdución]]

[[Historia do Magosto en Galicia]]

[[Tradicións]]

▼ Etiquetas

Etiquetas

Non hai selección

Gardar **Vista previa** **Cancelar**

Gardar

O Magosto

[Ver](#) [Editar](#) [Comentarios](#) [Historia](#) [Mapa](#) [Ficheiros](#) [Administración](#)



Indice

Introdución
Historia do Magosto en Galicia
Tradicións


[«](#) ACTIVIDADE ANTERIOR
Practica 1 de laboratorio



Para metelos contidos das diferentes páxinas non hai máis que facer clic no enlace da páxina – Crear páxina - e logo escribir o contido na caixa do editor HTML



Na parte superior da wiki figuran pestanas que describimos a continuación:



- Ver: amosa a páxina tal e coma quedará.
- Editar: Permite editar a páxina. Cada páxina só pode ser editada por unha persoa á vez.
- Historia. Permite ver quen e que foi modificado na Wiki,

O Magosto			
Ver	Editar	Comentarios	Historia
Mapa Ficheiros Administración			
Historia do Magosto en Galicia			
Creado o: Sábado, 6 de Novembro de 2021, 15:38 por Paulos Lareo Fina			
Versión	Usuario	Modificado	
1	 Paulos Lareo Fina	15:40	6 de Novembro de 2021

- Ficheiros. Permite acceder a todos os arquivos utilizados na Wiki.
- Administración. Esta opción está dispoñible só para os profesores. Permite borrar unha versión dunha páxina ou a totalidade da páxina seleccionada. A páxina principal non se pode borrar.



“Wiki en Moodle” by Fina Paulos Lareo is licensed under a [Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional License](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/).